

COÑECE O TRABALLO E POTENCIAL DO  
COOPERATIVISMO NUN ROTEIRO POR  
SANTIAGO DE COMPOSTELA!

# ROTEIRO COOPERATIVO



**Queres coñecer de primeira man o traballo de cooperativas galegas? Aínda non sabes que é a economía social, os seus principios e valores? Estás pensando en formar unha empresa e queres coñecer como funciona unha cooperativa? Queres camiñar por Compostela dun xeito diferente?**

## QUE É ESTA ACTIVIDADE?

O Roteiro Cooperativo é unha actividade da Unión de Cooperativas EspazoCoop e o Concello de Santiago de Compostela. O seu obxectivo é divulgar a economía social e os seus valores, a través dunha ruta guiada na que coñecer de preto catro cooperativas da cidade de sectores moi diferentes.

Porque a economía social está moito máis presente na sociedade do que pensamos! De feito, Galicia xerá un 7% do seu PIB e hai preto de 5.000 entidades da economía social e 100.000 persoas vinculadas a elas.

## A QUEN VOU COÑECER?

No Roteiro Cooperativo 2024 visitaremos a...

**AlmaZen de loga**, un espazo para o coidado integral do corpo. Centro de loga e Meditación con actividades para públicos diversos. Prestan tamén servizos para a mellora da saúde a empresas, clases particulares e aluguer do espazo.

*Rúa da República de El Salvador, 25*  
[almazendeyoga.com](http://almazendeyoga.com)

**NUMAX**, unha iniciativa para o audiovisual e a creación cultural. Conta con sala de cinema, librería, programación para escolas e un laboratorio, dende onde desenvolven proxectos de deseño, comunicación e produción e posprodución de vídeo.

*Concepción Arenal, 9 - Baixo*  
[numax.org](http://numax.org)

**Creativas Galegas**, un colectivo de profesionais de pequenas marcas do eido cultural galego. Na súa tenda, o Mercado Galego da Creatividade, podes atopar produtos diversos de máis de corenta marcas de calidade e consumo responsable.

*Rúa da Caldeirería, 36*  
[creativasgalegas.gal](http://creativasgalegas.gal)

**Conservatorio Histórico de Santiago**, unha centro pioneiro na educación musical. Xestionado como cooperativa dende hai case vinte anos, ofrecen ensino oficial de grao elemental e profesional para instrumentos diversos.

*Praza de Salvador Parga, 4-5*  
[conservatoriodesantiago.com](http://conservatoriodesantiago.com)

## COMO É O PERCORRIDO?

O percorrido ten unha duración aproximada de tres horas e dous quilómetros de distancia. Está guiado por unha persoa de EspazoCoop, que irá compartindo informacións sobre a economía social e o cooperativismo galego. O punto de encontro é a Alameda, e o final, a Praza de Salvador Parga. A ruta é accesible para todo tipo de públicos.

## INTERÉSAME! COMO ME INSCRIBO?



**A ACTIVIDADE É DE BALDE CON PRAZAS LIMITADAS, APÚNTATE XA!**

Escanea o QR ou envíanos un mail a [info@espazo.coop](mailto:info@espazo.coop)

Máis información en [www.espazo.coop](http://www.espazo.coop)